

Na súa tramitación foi sometido a consulta das comunidades autónomas e deuse audiencia ás asociacións de consumidores e usuarios e aos sectores afectados, e emitiu o seu informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade e Consumo, de Industria, Turismo e Comercio e de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de xullo de 2008,

D I S P O Ñ O :

Artigo único. Modificación da norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, aprobada polo Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo.

O anexo V da norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, aprobada polo Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, substitúese polo anexo deste real decreto.

Disposición transitoria única. Prórroga de comercialización.

Os produtos alimenticios comercializados ou etiquetados antes do 31 de maio de 2009, que cumpran coas disposicións anteriores pero que non se axusten ao disposto neste real decreto, poderanse distribuír ata que se esgoten as existencias.

A prórroga de comercialización afectará exclusivamente os produtos alimenticios comercializados ou etiquetados de acordo co Real decreto 1164/2005, do 30 de setembro, polo que se suspende temporalmente a aplicación dunha parte do anexo V da norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, aprobada polo Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente, e de conformidade co artigo 40.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de xullo de 2008.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

ANEXO

«ANEXO V

Ingredientes a que fan referencia os puntos 9 e 10 do artigo 7

1. Cereais que conteñan glute (é dicir, trigo, centeo, cebada, avea, escanda, kamut ou as súas variedades híbridas) e produtos derivados, agás:

- a) xaropes de glicosa a base de trigo, incluída a dextrosa⁽¹⁾;
- b) maltodextrinas a base de trigo⁽¹⁾;
- c) xaropes de glicosa a base de cebada;
- d) cereais utilizados para facer destilados ou alcohol etílico de orixe agrícola para bebidas alcohólicas.
- 2. Crustáceos e produtos a base de crustáceos.
- 3. Ovos e produtos a base de ovo.
- 4. Peixe e produtos a base de peixe, agás:
 - a) xelatina de peixe utilizada como soporte de vitaminas ou preparados de carotenoides;
 - b) xelatina de peixe ou ictiocola utilizada como clarificante na cervexa e no viño.
- 5. Cacahuetes e produtos a base de cacahuetes.
- 6. Soia e produtos a base de soia, agás:
 - a) aceite e graxa de semente de soia totalmente refinados⁽¹⁾;
 - b) tocoferois naturais mesturados (E306), d-alfa tocoferol natural, acetato de d-alfa tocoferol natural e succinato de d-alfa tocoferol natural derivados da soia;
 - c) fitosterois e ésteres de fitosterol derivados de aceites vexetais de soia;
 - d) ésteres de fitostanol derivados de fitosterois de aceite de semente de soia.
- 7. Leite e os seus derivados (incluída a lactosa), agás:
 - a) lactosoro utilizado para facer destilados ou alcohol etílico de orixe agrícola para bebidas alcohólicas;
 - b) lactitol.
- 8. Froitos de casca, é dicir, améndoas (*Amygdalus communis L.*), abelás (*Corylus avellana*), nozes (*Juglans regia*), castañas de caxú (*Anacardium occidentale*), pecáns [*Carya illinoensis* (*Wangenh.*) K. Koch], castañas de Pará (*Bertholletia excelsa*), pistachos ou alfónxicos (*Pistacia vera*), nozes de macadamia ou nozes de Australia (*Macadamia ternifolia*) e produtos derivados, agás:
 - a) nozes utilizadas para facer destilados ou alcohol etílico de orixe agrícola para bebidas alcohólicas.
- 9. Apio e produtos derivados.
- 10. Mostaza e produtos derivados.
- 11. Grans de sésamo e produtos a base de grans de sésamo.
- 12. Dióxido de xofre e sulfitos en concentracións superiores a 10 mg/kg ou 10 mg/litro expresado como SO₂⁽²⁾.
- 13. Tremoceiros e produtos a base de tremoceiros.
- 14. Moluscos e produtos a base de moluscos.

(1) Apíllase tamén aos produtos derivados, na medida en que sexa improbable que os procesos a que se someten aumenten o nivel de alerxenicidade determinado pola EFSA para o producto de que derivan.»

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

13037 *Orde SCO/2242/2008, do 22 de xullo, pola que se modifigan os anexos II e III do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos. («BOE» 184, do 31-7-2008.)*

O Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos, recompilou nun só texto toda a norma-

tiva existente sobre esta materia, adaptándose á lexislación comunitaria. Desde aquela, sucesivas ordes modificaron os anexos deste real decreto para adaptalos ao progreso técnico.

Este real decreto foi modificado polo Real decreto 2131/2004, do 29 de outubro, e o Real decreto 209/2005, do 25 de febreiro.

A Directiva 76/768/CEE do Consello, do 27 de xullo de 1976, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros en materia de produtos cosméticos, foi obxecto de sucesivas modificacións, as últimas mediante as directivas da Comisión 2008/14/CE, do 15 de febreiro de 2008, pola que se modifica a Directiva 76/768/CEE do Consello, relativa aos produtos cosméticos, para adaptar o seu anexo III ao progreso técnico, e 2008/42/CE, do 3 de abril de 2008, pola que se modifica a Directiva 76/768/CEE do Consello, relativa aos produtos cosméticos, para adaptar os seus anexos II e III ao progreso técnico.

Mediante esta disposición traspónense as ditas directivas ao ordenamento xurídico interno.

Esta orde dítase de acordo coa disposición derradeira primeira do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, pola que se faculta o ministro de Sanidade e Consumo para actualizar os seus anexos ao progreso técnico.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. Modificación do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos.

Os anexos II e III do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos, quedan modificados do seguinte modo:

Un. No anexo II, o número de referencia 1136 substitúese por: «Exudado de Myroxylon Pereirae (Royle) Klotzch (bálsamo do Perú, crudo; nº CAS 8007-00-9), empregado como ingrediente de fragancia».

Dous. A primeira parte do anexo III modifícase como segue:

a) Engádese o número de referencia seguinte:

Nº de orde	Substancias	Restriccóns			Condicións de emprego e advertencias que deben figurar obligatoriamente na etiqueta
		Campo de aplicación e/ou uso	Concentración máxima en producto terminado	Outras limitacións e exixencias	
a	b	c	d	e	f
«102	Gioxal Nº CAS 107-22-2 Nº EINECS 203-474-9		100 mg/kg»		

b) Suprímese número de referencia 68.

c) Os números de referencia 45, 72, 73, 88 e 89 substitúense polos seguintes:

Nº de orde	Substancias	Restriccóns			Condicións de emprego e advertencias que se consignarán obligatoriamente na etiqueta
		Campo de aplicación e/ou uso	Concentración máxima en producto terminado	Outras limitacións e exixencias	
a	b	c	d	e	f
«45	Alcohol bencílico ⁽¹⁾ nº CAS 100-51-6	a) Disolvente b) Fragancia, composicións aromáticas e as súas materias primas		b) A presenza da substancia deberá indicarse na lista de ingredientes a que se fai referencia no artigo 15.1.i), cando a súa concentración supere: – o 0,001% nos produtos que non se aclaran – o 0,01% en produtos que se eliminan por aclarado	
72	Hidroxicitronelal nº CAS 107-75-5	a) Produtos para a hixiene bucal b) Outros produtos	b) 1,0%	a), b) A presenza da substancia deberá indicarse na lista de ingredientes a que se fai referencia no artigo 15.1.i) cando a súa concentración supere: – o 0,001% nos produtos que non se aclaran – o 0,01% en produtos que se eliminan por aclarado	
73	Isoeuxenol nº CAS 97-54-1	a) Produtos para a hixiene bucal b) Outros produtos	b) 0,02%	a), b) A presenza da substancia deberá indicarse na lista de ingredientes a que se fai referencia no artigo 15.1.i) cando a súa concentración supere: – o 0,001% nos produtos que non se aclaran – o 0,01% en produtos que se eliminan por aclarado	
88	d-limoneno nº CAS 5989-27-5			A presenza da substancia deberá indicarse na lista de ingredientes a que se fai referencia no artigo 15.1.i) cando a súa concentración supere: – o 0,001% nos produtos que non se aclaran – o 0,01% en produtos que se eliminan por aclarado Índice de peróxidos inferior a 20 mmol/L ⁽²⁾	

Nº de orde	Substancias	Restriccóns			Condicións de emprego e advertencias que se consignarán obrigatoriamente na etiqueta
		Campo de aplicación e/ou uso	Concentración máxima en producto terminado	Outras limitacóns e exixencias	
a	b	c	d	e	f
89	2-octinoato de metilo nº CAS 111-12-6 Heptincarbonato de metilo	a) Produtos para a hixiene bucal b) Outros produtos	b) o 0,01% cando se utiliza só. Se está combinado con octincarbonato de metilo, o nivel combinado no producto terminado non debe superar o 0,01% (e o octincarbonato de metilo non debe superar o 0,002%)	a), b) A presenza da substancia deberá indicarse na lista de ingredientes a que se fai referencia no artigo 15.1.i) cando a súa concentración supere: – o 0,001% nos produtos que non se aclaran – o 0,01% en produtos que se eliminan por aclarado»	

(1) Como conservante, véxase o anexo VI, primeira parte, número 34

(2) Este límite aplícase á substancia e non ao produto terminado

d) Engádense os números de referencia 103 a 184:

Nº de orde.	Substancias	Restriccóns			Condicións de emprego e advertencias que deben figurar obrigatoriamente na etiquetaxe
		Campo de aplicación e/ou uso	Concentración máxima en producto terminado	Outras limitacóns e exixencias	
a	b	c	d	e	f
«103	Aceite e extracto de piña de <i>Abies alba</i> nº CAS 90028-76-5			Índice de peróxidos inferior a 10 mmol/L ⁽²⁾	
104	Aceite e extracto de follas de <i>Abies alba</i> nº CAS 90028-76-5			Índice de peróxidos inferior a 10 mmol/L ⁽²⁾	
105	Aceite e extracto de follas de <i>Abies pectinata</i> nº CAS 92128-34-2			Índice de peróxidos inferior a 10 mmol/L ⁽²⁾	
106	Aceite e extracto de follas de <i>Abies sibirica</i> nº CAS 91697-89-1			Índice de peróxidos inferior a 10 mmol/L ⁽²⁾	
107	Aceite e extracto de follas de <i>Abies balsamea</i> nº CAS 85085-34-3			Índice de peróxidos inferior a 10 mmol/L ⁽²⁾	
108	Aceite e extracto de ramas e follas de <i>Pinus mugo pumilio</i> nº CAS 90082-73-8			Índice de peróxidos inferior a 10 mmol/L ⁽²⁾	
109	Aceite e extracto de ramas e follas de <i>Pinus mugo</i> nº CAS 90082-72-7			Índice de peróxidos inferior a 10 mmol/L ⁽²⁾	
110	Aceite e extracto de ramas e follas de <i>Pinus sylvestris</i> nº CAS 84012-35-1			Índice de peróxidos inferior a 10 mmol/L ⁽²⁾	
111	Aceite e extracto de ramas e follas de <i>Pinus nigra</i> nº CAS 90082-74-9			Índice de peróxidos inferior a 10 mmol/L ⁽²⁾	
112	Aceite e extracto de ramas e follas de <i>Pinus palustris</i> nº CAS 97435-14-8			Índice de peróxidos inferior a 10 mmol/L ⁽²⁾	
113	Aceite e extracto de ramas e follas de <i>Pinus pinaster</i> nº CAS 90082-75-0			Índice de peróxidos inferior a 10 mmol/L ⁽²⁾	
114	Aceite e extracto de ramas e follas de <i>Pinus pumila</i> nº CAS 97676-05-6			Índice de peróxidos inferior a 10 mmol/L ⁽²⁾	

Nº de orde.	Substancias	Restrições			Condicións de emprego e advertencias que deben figurar obrigatoriamente na etiquetaxe
		Campo de aplicación e/ou uso	Concentración máxima en produto terminado	Outras limitacións e exixencias	
a	b	c	d	e	f
115	Aceite e extracto de ramas e follas de <i>Pinus spp.</i> nº CAS 94266-48-5			Índice de peróxidos inferior a 10 mmol/L ⁽²⁾	
116	Aceite e extracto de ramas e follas de <i>Pinus cembra</i> nº CAS 92202-04-5			Índice de peróxidos inferior a 10 mmol/L ⁽²⁾	
117	Extracto acetilado de ramas e follas de <i>Pinus cembra</i> nº CAS 94334-26-6			Índice de peróxidos inferior a 10 mmol/L ⁽²⁾	
118	Aceite e extracto de follas de <i>Picea mariana</i> nº CAS 91722-19-9			Índice de peróxidos inferior a 10 mmol/L ⁽²⁾	
119	Aceite e extracto de follas de <i>Thuja occidentalis</i> nº CAS 90131-58-1			Índice de peróxidos inferior a 10 mmol/L ⁽²⁾	
120	Aceite do tronco de <i>Thuja occidentalis</i> nº CAS 90131-58-1			Índice de peróxidos inferior a 10 mmol/L ⁽²⁾	
121	3-careno nº CAS 13466-78-9 3,7,7-trimetilbicciclo [4.1.0]hept-3-eno (isodipreno)			Índice de peróxidos inferior a 10 mmol/L ⁽²⁾	
122	Aceite e extracto de madeira de <i>Cedrus atlantica</i> nº CAS 92201-55-3			Índice de peróxidos inferior a 10 mmol/L ⁽²⁾	
123	Aceite e extracto de follas de <i>Cupressus sempervirens</i> nº CAS 84696-07-1			Índice de peróxidos inferior a 10 mmol/L ⁽²⁾	
124	Goma de trementina (<i>Pinus spp.</i>) nº CAS 9005-90-7			Índice de peróxidos inferior a 10 mmol/L ⁽²⁾	
125	Aceite e aceite rectificado de trementina nº CAS 8006-64-2			Índice de peróxidos inferior a 10 mmol/L ⁽²⁾	
126	Trementina destilada en corrente de vapor (<i>Pinus spp.</i>) nº CAS 8006-64-2			Índice de peróxidos inferior a 10 mmol/L ⁽²⁾	
127	Acetatos de alcohois terpénicos nº CAS 69103-01-1			Índice de peróxidos inferior a 10 mmol/L ⁽²⁾	
128	Hidrocarburos terpénicos nº CAS 68956-56-9			Índice de peróxidos inferior a 10 mmol/L ⁽²⁾	
129	Terpenos e terpenoides excepto limoneno (isómeros d-, l- e dl-limoneno), números de orde 167, 168 e 88 da parte 1 deste anexo III nº CAS 65996-98-7			Índice de peróxidos inferior a 10 mmol/L ⁽²⁾	
130	Terpenos e terpenoides «sínpine» nº CAS 68917-63-5			Índice de peróxidos inferior a 10 mmol/L ⁽²⁾	
131	α-terpineno nº CAS 99-86-5 p-menta-1,3-dieno			Índice de peróxidos inferior a 10 mmol/L ⁽²⁾	
132	γ-terpineno nº CAS 99-85-4 p-menta-1,4-dieno			Índice de peróxidos inferior a 10 mmol/L ⁽²⁾	
133	Terpinoleno nº CAS 586-62-9 p-menta-1,4(8)-dieno			Índice de peróxidos inferior a 10 mmol/L ⁽²⁾	

Nº de orde.	Substancias	Restriccóns			Condicións de emprego e advertencias que deben figurar obrigatoriamente na etiquetaxe
		Campo de aplicación e/ou uso	Concentración máxima en producto terminado	Outras limitacóns e exixencias	
a	b	c	d	e	f
134	Acetyl hexametilindano nº CAS 15323-35-0 1,1,2,3,3,6-hexametilindan-5-il- metil-cetona	a) Produtos que non se aclaran b) Produtos que se eliminan por aclarado	a) 2%		
135	Butirato de alilo nº CAS 2051-78-7 Butanoato de 2-propenilo			O nivel de alcohol alílico libre no éster debe ser inferior ao 0,1%	
136	Cinamato de alilo nº CAS 1866-31-5 3-fenil-2-propenoato de 2-propenilo			O nivel de alcohol alílico libre no éster debe ser inferior ao 0,1%	
137	Ciclohexanoacetato de alilo nº CAS 4728-82-9 Ciclohexanoacetato de 2- propenilo			O nivel de alcohol alílico libre no éster debe ser inferior ao 0,1%	
138	Ciclohexilpropionato de alilo nº CAS 2705-87-5 3-ciclohexanopropanoato de 2- propenilo			O nivel de alcohol alílico libre no éster debe ser inferior ao 0,1%	
139	Heptanoato de alilo nº CAS 142-19-8 Heptanoato de 2-propenilo			O nivel de alcohol alílico libre no éster debe ser inferior ao 0,1%	
140	Caproato de alilo nº CAS 123-68-2 Hexanoato de alilo			O nivel de alcohol alílico libre no éster debe ser inferior ao 0,1%	
141	Isovalerato de alilo nº CAS 2835-39-4 3-metil-butanoato de 2-propenilo			O nivel de alcohol alílico libre no éster debe ser inferior ao 0,1%	
142	Octanoato de alilo nº CAS 4230-97-1 Caprilato de 2-alilo			O nivel de alcohol alílico libre no éster debe ser inferior ao 0,1%	
143	Fenoxyacetato de alilo nº CAS 7493-74-5 Fenoxyacetato de 2-propenilo			O nivel de alcohol alílico libre no éster debe ser inferior ao 0,1%	
144	Fenilacetato de alilo nº CAS 1797-74-6 Bencenoacetato de 2-propenilo			O nivel de alcohol alílico libre no éster debe ser inferior ao 0,1%	
145	3,5,5-trimetilhexanoato de alilo nº CAS 71500-37-3			O nivel de alcohol alílico libre no éster debe ser inferior ao 0,1%	
146	Ciclohexiloxiacetato de alilo nº CAS 68901-15-5			O nivel de alcohol alílico libre no éster debe ser inferior ao 0,1%	
147	Isoamiloxiacetato de alilo nº CAS 67634-00-8			O nivel de alcohol alílico libre no éster debe ser inferior ao 0,1%	
148	2-metilbutoxi-acetato de alilo nº CAS 67634-01-9			O nivel de alcohol alílico libre no éster debe ser inferior ao 0,1%	
149	Nonanoato de alilo nº CAS 7493-72-3			O nivel de alcohol alílico libre no éster debe ser inferior ao 0,1%	
150	Propionato de alilo nº CAS 2408-20-0			O nivel de alcohol alílico libre no éster debe ser inferior ao 0,1%	
151	Trimetilhexanoato de alilo nº CAS 68132-80-9			O nivel de alcohol alílico libre no éster debe ser inferior ao 0,1%	

Nº de orde.	Substancias	Restrições			Condicóns de emprego e advertencias que deben figurar obrigatoriamente na etiquetaxe
		Campo de aplicación e/ou uso	Concentración máxima en produto terminado	Outras limitacións e exixencias	
a	b	c	d	e	f
152	Heptincarbonato de alilo nº CAS 73157-43-4 (Oct-2-inoato de alilo)		0,002%	Este material non debe utilizarse en combinación con ningún outro éster dun ácido 2-alquinoico (por exemplo, heptincarbonato de metilo)	
153	Amilciclopentenona nº CAS 25564-22-1 2-pentilciclopent-2-en-1-ona		0,1%		
154	Extractos e destilados de Myroxylon balsamum var. pereirae nº CAS 8007-00-9 Aceite de bálsamo do Perú, absoluto e extracto etanólico (Aceite de bálsamo do Perú)		0,4%		
155	4- terc-butildihidrocinamaldehído nº CAS 18127-01-0 3-(4-terc-butilfenil) propionaldehído		0,6%		
156	Aceite e extracto do froito de Cuminum cyminum nº CAS 84775-51-9	a) Produtos que non se aclaran b) Produtos que se eliminan por aclarado	a) 0,4% de aceite de comino		
157	cis-cetona-1 de rosa ⁽³⁾ nº CAS 23726-94-5 (Z)-1-(2,6,6-trimetil-2-ciclohexen-1-il)-2-buten-1-ona (cis- α -damascona)	a) Produtos para a hixiene bucal b) Outros produtos	a) 0,02% b) 0,02%		
158	trans-cetona-2 de rosa ⁽³⁾ nº CAS 23726-91-2 (E)-1-(2,6,6-trimetil-1-ciclohexen-1-il)-2-buten-1-ona (trans- β -damascona)	a) Produtos para a hixiene bucal b) Outros produtos	a) 0,02% b) 0,02%		
159	trans-cetona-5 de rosa ⁽³⁾ nº CAS 39872-57-6 (E)-1-(2,4,4-trimetil-2-ciclohexen-1-il)-2-buten-1-ona (Isodamascona)		0,02%		
160	Cetona-4 de rosa ⁽³⁾ nº CAS 23696-85-7 1-(2,6,6-trimetil-1,3-ciclohexadien-1-il)-2-buten-1-ona (Damascenona)	a) Produtos para a hixiene bucal b) Outros produtos	a) 0,02% b) 0,02%		
161	Cetona-3 de rosa ⁽³⁾ nº CAS 57378-68-4 1-(2,6,6-trimetil-3-ciclohexen-1-il)-2-buten-1-ona (δ -damascona)	a) Produtos para a hixiene bucal b) Outros produtos	a) 0,02% b) 0,02%		
162	cis-cetona-2 de rosa ⁽³⁾ nº CAS 23726-92-3 (Z)-1-(2,6,6-trimetil-1-ciclohexen-1-il)-2-buten-1-ona (cis- β -damascona)	a) Produtos para a hixiene bucal b) Outros produtos	a) 0,02% b) 0,02%		
163	trans-cetona-1 de rosa ⁽³⁾ nº CAS 24720-09-0 (E)-1-(2,6,6-trimetil-2-ciclohexen-1-il)-2-buten-1-ona (trans- α -damascona)	a) Produtos para a hixiene bucal b) Outros produtos	a) 0,02% b) 0,02%		

Nº de orde.	Substancias	Restriccóns			Condicións de emprego e advertencias que deben figurar obrigatoriamente na etiquetaxe
		Campo de aplicación e/ou uso	Concentración máxima en producto terminado	Outras limitacións e exixencias	
a	b	c	d	e	f
164	Cetona-5 de rosa ⁽³⁾ nº CAS 33673-71-1 1-(2,4,4-trimetil-2-ciclohexen-1-il)-2-buten-1-oná		0,02%		
165	trans-cetona-3 de rosa ⁽³⁾ nº CAS 71048-82-3 [1 (E),2]-1-(2,6,6-trimetilciclohex-3-en-1-il)but-2-en-1-oná (trans-δ-damascona)	a) Produtos para a hixiene bucal b) Outros produtos	b) 0,02%		
166	trans-hex-2-enal nº CAS 6728-26-3	a) Produtos para a hixiene bucal b) Outros produtos	b) 0,002%		
167	I-limoneno nº CAS 5989-54-8 (S)-p-menta-1,8-dieno			Índice de peróxidos inferior a 20 mmol/L ⁽²⁾	
168	dl-limoneno (racémico) nº CAS 138-86-3 1,8(9)-p-mentadieno; p-menta-1,8-dieno (Dipenteno)			Índice de peróxidos inferior a 20 mmol/L ⁽²⁾	
169	Perilaldehído nº CAS 2111-75-3 p-menta-1,8-dien-7-al	a) Produtos para a hixiene bucal b) Outros produtos	b) 0,1%		
170	Isobergamato nº CAS 68683-20-5 Formiato de mentadieno-7-metilo		0,1%		
171	Carboxaldehído de metoxidiciclopentadieno nº CAS 86803-90-9 Octahidro-5-metoxi-4,7-metano-1H-indeno-2-carboxaldehído		0,5%		
172	3-metilnon-2-enonitrilo nº CAS 53153-66-5		0,2%		
173	Octincarbonato de metilo nº CAS 111-80-8 Non-2-inoato de metilo	a) Produtos para a hixiene bucal b) Outros produtos	b) o 0,002% cando se utiliza só. Se está combinado con heptincarbonato de metilo, o nivel combinado no producto terminado non debe superar o 0,01% (e o octincarbonato de metilo non debe superar o 0,002%)		
174	Acetato de amilvinilcarbinilo nº CAS 2442-10-6 Acetato de oct-1-en-3-ilo	a) Produtos para a hixiene bucal b) Outros produtos	b) 0,3%		
175	Propilidenftalida nº CAS 17369-59-4 3-propilidenftalida	a) Produtos para a hixiene bucal b) Outros produtos	b) 0,01%		
176	Isocicloixeraniol nº CAS 68527-77-5 2,4,6-trimetilciclohex-3-eno-1-metanol		0,5%		
177	2-hexiliden ciclopantanona nº CAS 17373-89-6	a) Produtos para a hixiene bucal b) Outros produtos	b) 0,06%		

Nº de orde.	Substancias	Restriccóns			Condicións de emprego e advertencias que deben figurar obligatoriamente na etiquetaxe
		Campo de aplicación e/ou uso	Concentración máxima en produto terminado	Outras limitacións e exixencias	
a	b	c	d	e	f
178	Metilheptadienona nº CAS 1604-28-0 6-metilhepta-3,5-dien-2-ona	a) Produtos para a hixiene bucal b) Outros produtos	a) Produtos para a hixiene bucal b) 0,002%		
179	Aldehido p-metilhidrocinámico nº CAS 5406-12-2 Cresilpropionaldehído p-metildihidro cinamaldehído		0,2%		
180	Aceite balsámico e extracto de Liquidambar orientalis nº CAS 94891-27-7 (Estorache)		0,6%		
181	Aceite balsámico e extracto de Liquidambar styraciflua nº CAS 8046-19-3 (Estorache)		0,6%		
182	Acetil-hexametil-tetralina nº CAS 21145-77-7 nº CAS 1506-02-1 1-(5,6,7,8-tetrahidro-3,5,5,6,8,8-hexametil-2-naftil)etan-1-ona (AHTN)	Todos os produtos cosméticos, con excepción de produtos para a hixiene bucal	a) Produtos que non se aclaran: 0,1% excepto: produtos hidroalcohólicos: 1% fragancia fina: 2,5% crema de fragancia: 0,5% b) Produtos que se eliminan por aclarado: 0,2%		
183	Extracto e aceite de Commiphora erythrea Engler var. glabrescens nº CAS 93686-00-1		0,6%		
184	Resina de Opopanax chironium nº CAS 93384-32-8		0,6%»		

(2) Este límite aplícase á substancia e non ao produto terminado.

(3) A suma destas substancias utilizadas xuntas non debe exceder os límites indicados na columna d.

Disposición transitoria única. *Prazo de venda ou cesión.*

1. A partir do 16 de febreiro de 2009 non poderán ser vendidos ou cedidos ao consumidor final produtos cosméticos que non se axusten ao establecido no artigo único, número dous.a).

2. A partir do 4 de outubro de 2009 non poderán ser vendidos ou cedidos ao consumidor final produtos cosméticos que non se axusten ao establecido no artigo único, número un e número dous.b), c) e d).

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpóransen ao ordenamento xurídico interno as directivas da Comisión 2008/14/CE, do

15 de febreiro de 2008, e 2008/42/CE, do 3 de abril de 2008, polas que se modifica a Directiva 76/768/CEE do Consello, relativa aos produtos cosméticos, para adaptar os seus anexos II e III ao progreso técnico.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

1. Esta orde entrará en vigor o 16 de novembro de 2008, agás o previsto no número 2.

2. O disposto no artigo único, números un e dous.b), c) e d) entrará en vigor o 4 de abril de 2009.

Madrid, 22 de xullo de 2008.–O ministro de Sanidade e Consumo, Bernat Soria Escoms